

José de la Torre López, carpinteiro de ribeira e vítima da represión franquista

Arturo Sánchez Cidrás




Praia de Beluso ±1935

José de la Torre López, o segundo de tres irmáns, nace en Montemogos-Beluso (Bueu) en xaneiro de 1903. Fillo de José de la Torre Cabodevila e de Carmen López González. A súa ascendencia familiar procede da parroquia de Sta. María de Beluso (Bueu), coa excepción do avó materno que era de Sto. Tomé de Piñeiro (Marín).

Xa de rapaz axudaba ao seu pai, carpinteiro de ribeira, na reparación e construción de pequenas embarcacións. Co tempo aprendeu ben o oficio e, tras a morte do seu pai, fíxose cargo da carpintaría.

Non chegou a casar, pero tivo por moza a unha rapaza de Beluso, Carmen López Regueira, coa que tivo unha filla chamada Efigenia de la Torre López (1930).



Arquivo Municipal Bueu. Carpeta 1352/33



José de la Torre estudou na escola completa de nenos de Beluso que rexentaba José Cagide Carbajales. Era un rapaz aplicado e intelixente polo non era raro velo premiado pola Xunta Local de Ensino Primario do concello de Bueu, polas boas notas nos exames xerais que esta realizaba nas escolas.


En 1930, tal como recolle o Padrón Municipal, José de la Torre vivía nunha casa ao carón da Praia de Beluso onde tiña o taller. Na unidade familiar eran cinco persoas: a súa nai, Carmen López, unha medio irmá chamada Manuela Estévez López, o irmán

Manuel de la Torre López e unha sobriña.

En outubro de 1931, un grupo de veciños de Beluso solicitan ao alcalde a creación dunha escola mixta no lugar da Praia. Entre os veciños preocupados polo ensino público temos a José de la Torre. Cos cambios e ilusións producidos nesas datas na política española, o concello faise eco da preocupación pola cultura dos veciños e tramita a solicitude ao Ministro de Instrución Pública e a escola fíxose realidade un ano máis tarde.

Actividade asociativa

De 1931 a 1936 dáse no concello unha importante actividade asociativa. José de la Torre aparece en varias asociacións como dinamizador ou en postos de responsabilidade. En 1931 participa na organización da sociedade “Xuventude de Beluso” co fin de traballar a prol da unión dos mozos de Beluso, polo que lanzan unha proposta pública para acadar os obxectivos previstos. Para iso elixen, de forma provisional, unha xunta directiva na que participa como vogal por Praia de Beluso. Din buscar “para Beluso unha maior unión e unha mellor cultura, que é a base do benestar



AMB. Carpeta 37/11 - 1932- 1932 1352/33

de toda sociedade Moderna". Como curiosidade podemos dicir que pretenden poñer o salón no que realizan os bailes "nas condicións necesarias, tanto na orde moral como na de comodidade para o público. No moral recomenda a todos os socios velen e garanten dentro do local a orde e respecto mutuo que todos nos merecemos [...] No que respecta á comodidade abrírase a porta de abaixo do salón poñendo no seu centro escudo nacional e bordearán as paredes as bandeiras galega e española republicana..."¹

José de la Torre tamén era membro da sociedade O Progreso de Beluso e participaba activamente na súa programación, aínda que sen ocupar ningún cargo orgánico, dado que tiña responsabilidades directivas na "Sociedade de Canteiros, construtores e Oficios varios de Bueu".

En 1932 ostentaba o cargo de Presidente desta sociedade e, en 1934, foi nomeado secretario.

José de la Torre militou activa e publicamente Partido Comunista (PC), que non tiña unha estrutura orgánica ampla en Bueu, máis ben había persoas, sobre todo mariñeiros, con ideas comunistas e ligados a sindicatos con vínculos co Partido. Pero el si exerceu de Secretario do Partido Comunista de Bueu. Hai algún coetáneo que nunha conversa² recoñecía ter asistido á súa carpintaría e del como comunista dicía con deixe burlón: "Era un suxeito moi singular [...]. Debía ser o único comunista de todas estas contornas. Agora, iso si, moi boa persoa".

Cando vía inxustizas daba mostras da súa rebeldía pacífica e a súa belixerancia contida e á vez resolutive. Ás veces, protestaba por cousas da vida cotiá, pouco relevantes, pero que el consideraba inxustas ou se unía a outros para facer valer dereitos, como en outubro de 1932 que con outras vinte e dúas persoas negáronse a pagar os arbitrios pola bicicleta polo que foron multados con 5 pesetas cada un.

1 El Pueblo gallego do 6 de novembro de 1931 p. 8

2 «Rómulo Gallegos y España» de José López Rueda. Monte Ávila Editores. Caracas, 1986. Páxina 161.

Na política municipal

O 4 de xuño de 1931 recibe certificación da Xunta Municipal do Censo Electoral de Bueu nomeándoo Concelleiro por obter maioría de votos no escrutinio das eleccións celebradas en Bueu o 31 de maio.³ Tempo despois, o Gobernador Civil, o día 7 de marzo de 1936, envía oficio ao alcalde de Bueu considerando "oportuno renovar a Corporación Municipal dese Concello, obedecendo ao que é indubidable manifestación da vontade popular [...] Por iso, [...] acordei [...] designar con carácter interino concelleiros para formar parte do concello de Bueu os Sres. Don José Gómez de la Cueva, Don Francisco Piñeiro, ... José de la Torre López e Ramón Pastoriza Gestido que procederá á súa constitución inmediata..."

Ante esa designación enviou unha nota ao Sr. Delegado, neste caso o alcalde, coa súa renuncia inapelable e á vez clarificadora da súa integridade onde a coherencia e estrito sentido democrático prevalece por riba doutras consideracións:

Sr. Delegado


Desexo que a miña actitude non orixine balbordo nin tampouco que ningún dos presentes se dea por aludido, pois sendo un dos nomeados para formar parte desa Corporación e recoñecendo que esta non representa a verdadeira efervescencia do pobo humilde e traballador, nada máis que a ambición duns cantos individuos, e sendo un dos máis ineptos para ostentar dito cargo, poño o meu nomeamento á súa disposición sen admitir razóns que traten de disuadirme. (Asina) José de la Torre.⁴

Contertulios na carpintaría de Beluso

Dende finais dos anos vinte ata xullo de 1936, todo aquel que se achegase a pasar uns días de lecer na Praia de Beluso e tivese sensibilidade pola cultura ou pola política, acababa

3 AMB. Carpeta 1/16

4 AMB. Carpeta 1/19



recalando entre os muros que acoutaban, por aqueles anos, a zona oeste da Praia de Beluso, na carpintaría de José de la Torre, onde este “traballaba, comía e durmía”.

Así hai constancia documental do paso por ela dos intelectuais que nos últimos anos se deu en chamar ‘Grupo de Bueu’: Federico Ribas, Rómulo Gállegos, Carballeira, Maruja Mallo, José Suárez, Andrés Iduarte, Fernández Mezquita etc.

No verán de 1934 e verán-outono do 1935, Rómulo Gallegos era asiduo conversador con José de la Torre. Falaban de todo, pero fundamentalmente “falaban de política; ... Botaban moitas horas falando e discutindo de política, creo que os dous eran comunistas...”⁵

Co galego Fernández ‘Mezquita’, amigo de Rómulo e mozo por esas datas de Maruja Mallo, tiña máis fácil xa



Rómulo Gallegos Freire
Na praia de Beluso-1935

que compartían moitas ideas pois este pertencía a Esquerda Comunista e estaba a preparar un congreso do POUM (Partido de Unificación Marxista). Todos mostraron admiración e respecto por José de la Torre, algúns deles, como o

5 Benigno Barros nun artigo de David García en Faro de Vigo do 8 de abril de 2011

caso de Maruja Mallo, dicindo frases da última conversa con el ou describindo o seu final.

Carpintaría ‘foro público’ na Praia de Beluso

José de la Torre proxectaba no seu taller pequenas curtas de propaganda cun aparello, *Pathé-Baby*⁶, cedido polo Partido Comunista. Outra das actividades era ler en voz alta a prensa, sobre todo a que lle chegaba de Madrid, para divulgar as noticias políticas e sociais ás que poucas oportunidades tiñan de acceder os seus conveciños dada a escaseza de recursos e polo alto

índice de analfabetismo. O importante destes labores era a posterior charla-tertulia que lle servía de estrado para a concienciación social do pobo.

O final

Pero en xullo de 1936 chegaron os días escuros para a convivencia. Días nos que o compromiso coa democracia enfrontouse a outras formas de entender e impoñer as relacións persoais e políticas segando liberdades. Nos primeiros momentos da sublevación militar, José de la Torre tentou como tantos outros, achegarse a Pontevedra para defender á República. Mais os atrancos e descoordinación operativos e o posicionamento golpista da guarnición militar do Polígono Janer de Marín frustraron todo intento de soste ao goberno legalmente constituído.

E máis, o coñecemento e significación pública de ideais e compromiso político de persoas como José de la Torre puxeron a partir do 24 de xullo⁷ o foco da represión neles.

E José de la Torre sería a primeira diana, ao ‘comunista’, no que exemplarizar e comezar a institucionalizar o medo como arma. O 7 de agosto de 1936 unha parella da Garda Civil de Bueu detívoo cando estaba a traballar dando alcatrán a un barco..

José estivo un tempo no depósito Municipal de Bueu e, cando o sacaron coa desculpa de levalo a Pontevedra ante o xuíz, foi conducido ao lugar da Ermida-Marcón onde o venres 25 de setembro de 1936 aparecería o seu cadáver

6 Sistema de cine amateur que a empresa Pathé Frère fabricou durante as décadas dos vinte e trinta o século pasado. Era un aparello sinxelo e de fácil manipulación na casa co que se proxectaban películas de 9,5 mm.

7 Data na que as tropas do Polígono Janer ‘tomaron’ Bueu “visualizando así o triunfo do golpe de estado”.

José de la Torre, secretario del Partido Comunista de Bueu; la última vez que lo encontramos nos dijo: «Yo no huí a las montañas. Yo quiero la victoria o el cementerio. El triunfo será nuestro». Unos días más tarde era conducido al Ayuntamiento de Bueu para encarcelarlo. Cuando fueron a buscarlo cinco falangistas armados con cristos y pistolas, le gritaron: «Cobarde, ¿eres tu el que ayer proclamabas la libertad?». «Dadme un fusil y veréis si soy valiente», contestó. Como se negó a salir de allí porque sabía dónde lo llevaban, se abalanzó sobre uno de los falangistas y con los dientes le desgarró media cara. Los falangistas le asestaron diecisiete puñaladas y lo arrojaron a la calle por un balcón del Ayuntamiento. Así le arrancaron la vida a J. de la Torre, carpintero, constructor de barcas y buen marino.

Maruja Mallo en *La Vanguardia* 26-8-1938 p5

na cuneta da estrada de Pontevedra a Ponte Caldelas. A José de la Torre cábelle a triste honra de ser o primeiro veciño de Bueu 'paseado' nese fatídico ano.

A versión que destes feitos fixo a súa amiga Maruja Mallo nun xornal⁸ dous anos máis tarde, difire no relato anterior mais non do desenlace fatal.

8 La Vanguardia do 26 de agosto de 1938 p. 5. Artigo publicado en catro partes (días 14-16-21-26 de agosto de 1938). Hai que considerar que a información que lle chegou non parece ser manipulada senón que as noticias, con respecto a Bueu, mesturáronse con acontecementos parecidos aos narrados pero con outras personaxes: Francisco Escáneo e de máis compañeiros.



como *Mártires* a aqueles que coñeceu persoalmente: “Juan Carballeira, Dídio Riobó, Alejandro Bóveda, José de la Torre etc.

Outro persoeiro que fixera de Bueu a súa segunda casa era o debuxante e publicista Federico Ribas Montenegro que tamén se exiliou en Buenos Aires e, dende alí, seguiu o acontecer do que ocorría en Bueu. Decatado do que lles ocorrera aos seus coñecidos Johan Carballeira, José de la Torre, etc. e para denunciar a represión sufrida por estas

e outras xentes, debuxa 6 Estampas que el mesmo define co lema “*Visións galegas baixo o xugo da Falanxe*”, para denunciar o terror que se sufría na súa patria. A eses debuxos púxolle a música das palabras para que xuntos espertaran fondos sentimentos de repulsa ante a barbarie e a sen razón. Unha desas estampas, titulada “*Quen vai facer os barcos agora!*”, está dedicada a José de la Torre, interlocutor seu en moitas veladas fronte ao mar de Beluso. A sentenza que lle corresponde, no dorso di textualmente: “*El hijo⁹ de José de la Torre carpintero de ribera: Entón se mataron a paiciño que facía as lanchas e mataron os mariñeiros qu’iban nélas xa non comeremos máis peixe miña naiña!*”.

Ata aquí o preámbulo dunha persoa, que nin os medos do seu propio sacrificio o fixeron renunciar ás súas crenzas e, ata o fin, soubo manter a súa dignidade.

9 Erro de Ribas por non lembrarse, descoñecer ou calquera outra circunstancia que que, como dixemos ao principio, tivo una filla chamada Efigenia.